

Normas Xantares e Ceas para particulares

As persoas interesadas en xantar ou cear de forma particular nas rúas de Marín os días da Festa Corsaria, (venres 18 e sábado 19 de agosto do 2023), cumplirán as seguintes normas:

- * Entregar por rexistro ou por sede electrónica a solicitude cuberta antes do día 12 de agosto de 2023, acompañado de esbozo ou fotografías que amosen as dimensións do espazo solicitado, o seu emprazamento e estética da Festa Corsaria.
- * Aceptar os seguintes requisitos:
 - ❖ As mesas autorizadas deberán ter nun lugar visible o número de identificación.
 - ❖ Deberá adaptarse ao espazo asignado.
 - ❖ Todas as persoas da mesa vestirán traxes adecuados á época histórica da festa.
 - ❖ A decoración e animación deberán ter unha temática corsaria.
 - ❖ Usaranse depósitos para lixo acordes coa ambientación da festa (sacos, cestos...)

Lumes e grellas

- * As mesas que fagan lume, deberán facelo constar na solicitude de participación.
- * ESTA PROHIBIDO FACER LUME BAIXO toldos, instalacións eléctricas ou calquera elemento susceptible de arder.
- * O espazo no que se faga o lume, terá as medidas suficientes para impedir o acceso, de xeito que se eviten queimaduras.
- * As mesas terán no espazo para o lume un extintor 6 Kg eficacia 21 A-113B ou dous de 3 KG ou acceso a toma de auga.
- * A zona arredor do lume deberá estar protexida con area ou calquera outro material que a protexa de cinzas, graxas, aceites... Co fin de protexer o chan e que permaneza limpo.
- * Os responsables de cada solicitude deberán encargarse de manter a zona utilizada en perfecto estado de uso e limpeza, tanto durante coma unha vez recollidas as instalacións.
- * En todo caso, o domingo día 20 de agosto, ás 07:00h, o espazo asignado deberá estar despexado de todo o material utilizado na festa, limpo e baldeado, deixándoo nas mesmas condicións que antes do evento.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA FESTA CÓRSARIA PARTICULARRES

Datos do solicitante:

Nome e apelidos: _____

D.N.I. /C.I.F.: _____ Número de teléfono: _____

Enderezo: _____

Enderezo electrónico: _____

Lugar que solicita: _____

Lugar solicitado en anos anteriores: _____

Nº de participantes: _____ Longo: _____ Ancho: _____

Observacións: _____

INTERESADO/A EN FACER LUMES E GRELLAS:

SI NON

INTERESADO/A EN PARTICIPAR NO CONCURSO DE DECORACIÓN E AMBIENTACIÓN:

SI NON

COMPROMISO DE COLABORACIÓN:

O solicitante asume o coñecemento das normas de participación anexas á solicitude presentada e entende que no caso de non respetalas, o Concello poderá excluir esta solicitude ou ben retirar os elementos non autorizados durante os días da Festa Corsaria.

Sinatura:

Marín, a ____ de _____ de 2023